

GALAXIA CASARES LERIANDO NO CASARES

PROXECTO DE INNOVACIÓN EN DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

IES CARLOS CASARES. VIGO

CURSO: 2015-16

Convocatoria do 28 de decembro de 2015 da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se establecen as bases reguladoras para a realización de proxectos de innovación en dinamización lingüística en centros docentes de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e pola que se proceda á súa convocatoria para o curso académico 2015/16

a. Título do proxecto:

Galaxia Casares.Leriando no Casares

b. Contextualización e xustificación do proxecto a partir da situación sociolingüística de partida do centro:

O IES Carlos Casares é un centro afastado das zonas de residencia do noso alumnado e das zonas de ocio, situado na periferia da cidade de Vigo. A maior parte do noso alumnado procede do extrarradio vigués: Candeán, Cabral, Bembrive e Beade.

Vimos observando, dende hai varios anos, a paulatina desaparición da lingua galega entre o noso alumnado. A ecuación que se mantíña ata hai pouco de que nas zonas afastadas do centro da cidade e consideradas como máis rurais, o emprego da lingua galega era maior, xa non se mantén. O noso alumnado así o está a demostrar cun uso case exclusivo da lingua castelá.

A maior parte das familias do noso centro pertencen á clase media-baixa e practicamente son monolingües en castelán. Na relación cos avós, que ata hai ben pouco se establecía en lingua galega, agora é maioritariamente en castelán; a mesma lingua é a utilizada entre pais e fillos e entre irmáns. Estase a perder a transmisión interxeracional da lingua galega.

O noso alumnado, como xa dixemos, procede dos barrios periféricos de Vigo onde a actividade cultural e deportiva segue, en moitos casos, a ser alentada polas Asociacións, mais non así a lingua galega.

O profesorado do centro mantén, en xeral unha actitude positiva cara ao fomento e emprego da lingua galega no contexto educativo. Cómpre destacar que no centro hai profesorado procedente de fóra de Galicia (Madrid, Cataluña, La Rioja), e son neste caso os que máis se preocupan por aprender e mellorar a súa competencia en lingua galega. Manteñen unha actitude moi positiva, realizando parte do seu labor docente en relación co seu alumnado en lingua galega: traballos, exposicións, etc. A lingua galega ten, cada vez menor presenza no centro debido ao escaso uso que dela realiza o noso alumnado, pensamos que quizais pola falta de recursos, actividades ou espazos e ámbitos de uso que lles resulten interesantes e atractivos e, sobre todo, que teñan sempre unha proxección e continuidade fóra do centro. Estas son pois algunhas das nosas prioridades.

Vigo é unha das cidades máis poboadas de Galicia, con maior diversidade ocupacional: a vida xira ao redor do comercio, a industria pesqueira, conserveira e a industria relacionada co naval. Con todo, a lingua galega apenas ten presenza na vida diaria viguesa e en moitas ocasións está vinculada aos usos institucionais relacionados co Concello de Vigo e coa Delegación Territorial do goberno da Xunta de Galicia. O galego desaparece pouco e pouco da vida diaria viguesa.

A necesidade de cambiar esta situación levounos a embarcarnos neste Proxecto de Innovación: queremos que a lingua galega se escoite polos corredores, nas aulas e que o noso alumnado sirva de eco para que a lingua galega saia do recinto educativo. Para conseguilo necesitamos que todas e todos vexan a lingua galega como unha lingua útil, moderna e que nos defina como galegos. Nós consideramos que o galego ten que saír das aulas e sobre todo temos que conseguir que o alumnado vexa que a lingua galega non é a lingua do ensino, é unha lingua válida para comunicarse oralmente dunha maneira tradicional ou a través das novas tecnoloxías. Debemos rachar con todos os prexuízos que aínda hoxe están presentes na sociedade.

c. Obxectivos que se pretenden alcanzar como resposta ás necesidades detectadas e propostas de mellora a curto e longo prazo:

Galaxia Casares é un proxecto ideado polo Departamento de Plástica, o Equipo de Dinamización Lingüística e o Departamento de Linguas (galega, inglesa e francesa) do IES Carlos Casares de Vigo, nel contamos coa colaboración da maior parte dos departamentos e que logo relacionaremos.

Varios son os obxectivos que nos levaron a pór en marcha este proxecto:

- Promover a lingua galega dun xeito multi e interdisciplinar, procurando que a maior parte dos departamentos do noso centro se involucren directamente no proxecto. Un dos obxectivos fundamentais é a mellora da nosa práctica docente á vez que fomentamos o uso e a valoración positiva da nosa lingua.
- Fomentar a utilización da lingua galega oral entre o noso alumnado en diferentes contextos, onde previamente observamos que había dificultades e reticencias á hora de utilizala: exposicións orais perante un público, gravacións, debates, faladoiros, elaboración de *booktráilers*, etc. Facilitar ao noso alumnado plataformas e contextos a través dos que poidan pór en uso a lingua galega.
- Utilizar o galego en contextos e situacións que resulten atractivos para os mozos e mozas por ser modernos, vivos e achegados a eles e a elas: creación de álbums ilustrados, libros de artista, raps, grafitis. O obxectivo é introducir a lingua galega nos novos movementos artísticos como oferta educativa atractiva para o alumnado.
- Alentar e favorecer o uso do idioma entre os rapaces. Superar os prexuízos que entre a xente nova existen cara á utilización do idioma.
- Facerlles ver que é un idioma útil e sobre todo, a facilidade que, como falantes activos ou pasivos de dúas linguas, temos para aprender outras linguas.
- Dar a coñecer unha figura clave no panorama cultural galego e sobre todo un verdadeiro defensor da lingua galega oral, a que se mantén viva nas lérias e parolas: Carlos Casares.

•Investigar, dende varios ámbitos e materias, a figura do home galego que dá nome ao noso centro. Levamos anos observando que o noso alumnado descoñece quen foi este intelectual e o que significou para a defensa e dignificación da nosa lingua. Para nós é un proxecto necesario e obrigado.

•Seguir creando actividades e recursos que poidan ser utilizados e actualizados ao longo do tempo. Colaborar coa plataforma Redeiras na difusión destas actividades.

d.Actividades de desenvolvemento do proxecto, nas que se reflicta o eixe que o vertebra, as actuacións estruturadas temporalmente e unha proposta metodolóxica.

Proposta metodolóxica.

Para conseguir a difusión do noso proxecto e en definitiva da nosa lingua en si, utilizaremos dúas poderosas e valiosas vías, tanto para o profesorado como para o alumnado: a creatividade e as novas tecnoloxías (o audiovisual).

A creatividade é unha poderosa arma contra o aburrimiento. Por se isto fose pouco, a creatividade converte os estudantes en máis versátiles, unha cualidade fundamental para a convivencia na actual sociedade en continua transformación.

A tecnoloxía apoia a creatividade xa que o seu uso require interacción. Se é usada correctamente, a tecnoloxía permite que os estudantes aprendan a través da curiosidade, da colaboración e do pensamento crítico. A atracción que, para o alumnado, exercen as novas tecnoloxías e o audiovisual en todas as súas facetas, abre as portas ao interese por expresarse e a ter curiosidade pola lingua galega.

A partir da obra de Casares, exploraremos novas alternativas para a aprendizaxe e para a promoción e utilización da lingua galega, convertendo a incerteza que xeran as novas tecnoloxías en motor de aprendizaxe.

O alumnado resolverá a través de métodos propios, problemas que o profesorado propondrá. Buscaremos que, ante as obras de Casares, produzan respostas diferentes. Procuraremos respostas inusitadas, relación entre cousas, obxectos, persoas, conceptos e significados (para o que xogar coa lingua é imprescindible) valorando a súa frescura e inventiva.

Envolveremos ao alumnado nunha ampla gama de actividades onde se fomente a participación e o traballo cooperativo baseado na acción como efecto transformador do coñecemento.

Programas informáticos que vai aprender a manexar o alumnado e co que está a traballar para a realización do proxecto:

- Audacity: editor de audio
- Openshot: editor de vídeo
- Gimp: tratamento de imaxes
- Scratch: programación
- Google forms: creación, envío e xestión de enquisas.

O proxecto *Galaxia Casares. Leriando no Casares*, está a ser desenvolvido en todos os niveis educativos e por parte de todo o alumnado do centro. As actividades que se están a levar a cabo son as seguintes:

•**1º da ESO:** a totalidade do alumnado deste nivel educativo participa utilizando a lingua galega oral dunha maneira lúdica: crean cancións, raps e poemas partindo da literatura infantil de Carlos Casares. Este traballo será escenificado utilizando materiais e técnicas artísticas do seu interese de maneira que fagan seu o proxecto, levándoo ao seu terreo. Deste xeito conseguimos que a lingua galega sexa utilizada dun xeito natural porque lles resulta atractiva. Esta parte do traballo realizarase durante os dous primeiros trimestres de curso. O alumnado participará nun obradoiro de gravación a cargo dunha profesional neste tipo de actividades (Cristina de la Torre), achegaráselle todo tipo de información sobre como deben preparar previamente a gravación: ensaiar a vocalización, ton de voz, pausas, linguaxe verbal e non verbal (xestos, movementos, etc): pretendemos así animar o alumnado achegándolle situacións e ámbitos diferentes onde lle resulte atractivo o uso da lingua galega. A partir do mes de marzo, o alumnado realizará a segunda parte do proxecto: os contacontos. Esta parte é tamén fundamental porque supón a utilización oral da lingua galega ante un público real, non só virtual: as nenas e os nenos dos colexios adscritos e do CEIP Carlos Casares de Nigrán. O obxectivo principal é que a lingua galega se convirta nun vehículo normal de comunicación, de maneira que elas e eles vexan que non resulta raro expresarse e falar en público en galego.

•**2º da ESO:** participará no proxecto a totalidade do alumnado deste nivel e elaborarán:

◦Un álbum ilustrado, utilizando as novas tecnoloxías, baseado na vida e obra de Carlos Casares. Previamente recibirán a visita e participarán nun obradoiro a cargo do ilustrador Federico Fernández (familiar dunha alumna do centro). Neste obradoiro, o ilustrador e mais as profesoras da materia de plástica e lingua galega, guiarán o alumnado na elaboración deste tipo de libro, onde a imaxe debe fusionarse perfectamente co texto.

○Baseándose na obra de Carlos Casares participarán nun faladoiro de café. O obxectivo é convencer á rapazada de que a lingua galega é válida para as conversas máis informais, tendo sempre presente que unha das pexas que está a padecer a lingua é a desaparición nos usos informais ou menos formais.

•**3º da ESO:** a totalidade do alumnado deste nivel:

○Elaborará diferentes *booktráilers* baseados na obra *Vento ferido*. Recibirán un obradoiro a cargo dunha profesional onde se lles explicará a maneira de manexar as novas tecnoloxías -programas informáticos- e se lles achegarán técnicas de lectura en voz alta, movementos diante dunha cámara, etc., todo coa finalidade de conseguir os obxectivos propostos: utilizar a lingua galega nas novas tecnoloxías á vez que coñecen parte da obra literaria de Carlos Casares. O alumnado como se estivesen a gravar unha curtametraxe deberán repartir as funcións de: produtor/a, realizador/a, cámara, etc. Aprenderán a manexarse no mundo do audiovisual en galego.

○Realizará Libros de artista: crónicas persoais do proceso creativo dun artista. O alumnado escribe e reflexiona de xeito plástico sobre a obra de Casares creando unha nova obra de arte. A lingua galega é a lingua vehicular na escrita e na oralidade, posto que o obxectivo desta parte do traballo é a exposición oral perante unha parte do alumnado do centro.

•**4º da ESO:** a totalidade do alumnado deste nivel vai desbotar un dos prexuízos máis arraigados na nosa lingua: “o galego non serve para nada, con falar castelán xa nos chega”. Coñecer o labor tradutor de Carlos Casares vai axudar a conseguilo. Realizarán, en colaboración cos Departamentos de Inglés, Francés, Lingua castelá, Lingua galega e Plástica, unha lectura das obras traducidas polo autor ás linguas que domina o alumnado. A continuación realizarán breves diálogos orais baseados nas obras literarias traducidas por Carlos Casares (*O vello e o mar*, *O Principiño*, *Vento ferido*), intercalando a lingua galega coas diferentes linguas coñecidas e manexadas polo alumnado (galego, inglés, francés e castelán). Con esta actividade pretendemos que o alumnado se decate da facilidade que teñen para aprender e manexar tres ou máis linguas grazas a que dominan xa dúas delas (o galego e o castelán) e, sobre todo, que asuman que vivimos nun mundo onde a diversidade lingüística é unha riqueza e non un atranco. Participarán nun obradoiro a cargo dunha profesional do audiovisual utilizando as novas tecnoloxías.

No segundo ciclo de ESO (terceiro e cuarto) é onde se concentra o maior número de alumnos de alumnas procedentes de fóra de Galicia (Andalucía, países de África e de América latina), e polo tanto vai ser neste apartado onde concentremos o noso esforzo e o de todo o alumnado destes niveis, en achegar a lingua galega a todos e todas. Participarán activamente en todas as gravacións e verémolos falando galego decontino. Cómpre destacar que este alumnado destaca polo enorme

interese que ten por coñecer a nosa lingua e a nosa cultura.

•**1º de Bacharelato**: achegaremos a lingua galega a un dos ámbitos de máis éxito entre a mocidade: a fotografía. Compartir e comentar imaxes, persoais ou non, é unha das grandes afeccións do noso alumnado, utilizando as novas redes sociais de comunicación. Desta maneira pretendemos converter unha das afeccións da mocidade e de Carlos Casares, nunha actividade que nos sirva para favorecer o uso da lingua galega. Neste caso nas aulas de lingua galega e de debuxo artístico, realizarase un percorrido pola biografía fotográfica de Carlos Casares, achegaranse datos biográficos do autor e datos técnicos sobre os diferentes planos, orientacións, etc, das fotografías. Estas imaxes servirán de inspiración para os seus comentarios, debates ou exposicións.

Por outra banda, o dietario persoal que Casares escribiu para La Voz de Galicia, “Á marxe” dará pé á obra fotográfica do noso alumnado e intentará plasmar a particular visión do mundo do escritor ourensán.

A lingua galega na súa faceta comprensiva e expresiva é a protagonista destas actividades: ler a Casares é beber da lingua galega máis xenuína e constitúe unha referencia para o alumnado e un xeito de ver que a lingua galega é a verdadeira transmisora da nosa cultura.

A totalidade do alumnado deste nivel lerá *O sol do verán* e nas aulas de debuxo artístico realizarán unha ilustración que plasme a esencia da derradeira novela de Carlos Casares.

•**2º de Bacharelato** traballará con outra técnica de verdadeiro interese para o alumnado, a banda deseñada e a novela gráfica, sempre a partir da figura de Carlos Casares. O termo «novela gráfica» define unha etapa no cómic que podemos denominar «de madurez como medio», na que se están a producir achegamentos ao público impensables tan só dez anos atrás. Desta volta, volvemos traballar coa lingua galega nun contexto atractivo para o noso alumnado.

•**O grupo de teatro do centro** representará a obra de teatro *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, creando unha adaptación propia con guión orixinal. Que a lingua galega sexa o vehículo de comunicación en todas as actividades do centro é o obxectivo que perseguimos tamén en relación con esta actividade. Os integrantes do grupo participarán nun obradoiro de gravación para realizar un tráiler da obra que dea publicidade ao seu traballo e difundilo nas diferentes plataformas das que dispón o centro.

A obra será representada, en dúas sesións, para toda a comunidade educativa ao final do curso no noso auditorio. Haberá outra sesión para o alumnado (e profesorado que o desexe) de sexto curso de primaria dos nosos centros adscritos.

e. A utilización e grao de implicación dos recursos humanos e materiais existentes no centro en beneficio do proxecto:

Recursos humanos:

Profesorado:

Conseguimos con este proxecto que participe unha porcentaxe elevada de profesorado do noso centro, comprometéndose a:

- Facer visible e utilizar a lingua galega cando estean a realizar as actividades que teñan que ver co proxecto Galaxia Casares. Os profesores de linguas estranxeiras comprométense a utilizar o galego como lingua de referencia.
- Animar e valorar positivamente a utilización da lingua galega oral por parte do alumnado.
- Facilitar e alentar actividades que favorezan o uso oral da nosa lingua.
- O profesorado de informática comprométese a difundir entre o alumnado todas as ferramentas en galego das que dispoña a rede e que eles coñezan.

Biblioteca do Centro (Bibliocasares):

A biblioteca do IES Carlos Casares participa neste proxecto achegando recursos bibliográficos e audiovisuais. A biblioteca é o centro documental do IES, é o lugar a onde o alumnado acode na procura da información que vaia necesitado a medida que o proxecto avance: posúe catro ordenadores a disposición do alumnado.

Asociación de Nais e Pais do centro:

Hai un compromiso por parte da ANPA a difundir todo o material que se vaia elaborando, prestarán axuda económica, material e persoal cando se necesite e comprométense a utilizar a lingua galega en todas as súas comunicacións.

Recursos materiais existentes no centro:

Para a realización do proxecto contamos con: programas informáticos específicos para a gravación de audio, ordenadores, aulas con canóns e acceso a internet, material funxible (cartolinas, pinturas, etc.). A biblioteca é un recurso fundamental para levar a cabo o proxecto: facilita bibliografía e material audiovisual en galego (películas, música e documentais).

Todo este material vai ser utilizado coa finalidade de visibilizar cada un dos traballos que se irán realizando.

f. As colaboracións con institucións do contorno e/ou outros centros educativos:

Para poder realizar o proxecto Galaxia Casares contamos coa colaboración das seguintes entidades:

- Fundación Carlos Casares: prestará asesoramento e achegará todo tipo de material relacionado co

autor, tanto obxectos persoais como exposicións, xogos lúdicos e didácticos, material bibliográfico, material audiovisual, etc.

- Editorial Galaxia: achegará material bibliográfico e recursos humanos que axuden a coñecer a obra do escritor e a importancia de Casares para a difusión oral da lingua galega.

- Centros de Educación Infantil e Primaria adscritos ao IES Carlos Casares: Chans, Carballal, Santa Mariña e Igrexa Candeán. O alumnado de 1º e 2º de ESO do IES Carlos Casares, representará, durante o mes de maio, os diferentes contos que foi preparando ao longo do curso. O obxectivo fundamental desta actividade é achegar ao noso alumnado seguridade a través de diferentes recursos para que a lingua galega sexa utilizada perante un público dunha maneira oral e natural.

- Centro de Educación Infantil e Primaria Carlos Casares de Nigrán. Colaboraremos con este centro da provincia de Pontevedra a través da actividade dos Contacontos. Colaborar con este centro supón para o noso alumnado adquirir destrezas e seguridade na utilización oral da lingua galega, á vez que buscamos a relación entre centros que comparten o nome de Carlos Casares para dar a coñecer a figura do escritor dunha maneira lúdica.

- CEIP Laureano Prieto da Gudiña. En colaboración con este centro levaremos a cabo actividades de intercambio epistolar, intercambio a través do Facebook (Ieriando Vigo A Gudiña) e intercambio vía skipe. O obxectivo fundamental é progresar e ver as diferentes maneiras de comunicarnos utilizando a lingua galega: escrita tradicional, escrita a través das redes sociais e, sobre todo, fomentar a lingua oral a través das novas tecnoloxías da información (skipe).

g. O Plan de avaliación, con especial atención ao grao de incidencia do proxecto na mellora do uso da lingua galega por parte da comunidade educativa:

Durante os meses de novembro e decembro realizamos, a través da páxina web, unha enquisa sociolingüística para determinar a situación da lingua galega no noso centro e no contorno onde vive o noso alumnado. Este documento foi fundamental para elaborar todas estas propostas. Unha vez rematado o proxecto realizaremos unha enquisa entre o noso alumnado e profesorado para valorar o alcance destas actividades como motores para avanzar no uso oral da lingua galega e para valorar o coñecemento do labor cultural de Carlos Casares.

Estratexias de avaliación:

Facemos unha avaliación inicial, diagnóstica, que parte das enquisas das que anteriormente falamos, para adecuar a planificación e tomar conciencia do punto de partida do alumnado.

Despois a avaliación será formativa, adaptando o proceso aos progresos e dificultades de cada alumno e alumna en particular.

E sumativa, establecendo balance dos resultados e comprobando a adquisición das capacidades e

destrezas para continuar posteriores aprendizaxes.

Autoavaliación:

No noso IES, ao finalizar os nosos proxectos, pedimos ao alumnado que o evalúe, ao proxecto en si, a si mesmo, ao profesorado, e o grao de coñecementos adquiridos, para facer unha especie de recapitulación, recoñecer acertos, erros e aprender deles.

h. As medidas que se pensan tomar para difundir o proxecto entre o alumnado, as familias e a totalidade da comunidade educativa, para fomentar a súa participación e aproveitamento.

O proxecto foi presentado á totalidade do profesorado e persoal non docente a través da reunión do Equipo de Dinamización e dun claustro. Falouse individualmente con todo o profesorado interesado en participar no proxecto.

O proxecto foi presentado á Asociación de Nais e Pais a través dunha reunión entre a Coordinadora do Equipo de Dinamización e a presidenta da ANPA do centro. Ela foi a encargada de difundir o proxecto entre as familias e comprometéronse a difundir o proxecto a través da súa páxina ou conta de Facebook.

Creouse un blog educativo destinado a dar a coñecer todas as actividades e noticias que teñan que ver coa lingua galega. Neste blog pode participar todo o alumnado que pertence ao Equipo de Dinamización da Lingua galega: delerianocasares.blogspot.com.es. A este blog pódese acceder tamén dende a revista escolar do centro (revistamandacarallo.com) ou a través da páxina web do centro, IES Carlos Casares Vigo.

A inicios do mes de xaneiro creouse unha conta de facebook: Leriando Vigo – A Gudiña. A través desta páxina, o alumnado de terceiro de ESO conversará dunha maneira totalmente informal e utilizando a lingua galega co alumnado do CPI Laureano Prieto de A Gudiña. Esta plataforma vai servir para dar a coñecer e intercambiar impresións sobre o proxecto que están a levar a cabo.

Estase a crear unha páxina web: Galaxia Casares, destinada a dar a coñecer, en concreto, as actividades relacionadas con este proxecto. Será unha web dinámica, que se ampliará e actualizará nos seguintes cursos escolares.

As entidades que colaboran con este proxecto: Fundación Carlos Casares, Editorial Galaxia, Asociación de Nais e Pais, etc. comprométense a difundir o noso proxecto a través das súas páxinas web e blogs.

A maior parte das familias utiliza a aplicación TokApp para recibir comunicacións do centro. Utilizaremos esta aplicación para dar a coñecer as actividades que imos realizando.

i.O orzamento previsto

- Obradoiros de gravación para: 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.1.050 euros
- Transporte para a realización da actividade dos Contacontos.....300 euros
- Cámara de vídeo.....317 euros
- Focos de luz led para gravación.....300 euros
- Cámara documentos para pizarra dixital.....100 euros
- Seguros para o transporte e conservación das posibles exposicións.....400 euros
- Edición de varios álbums ilustrados.....150 euros

I.Funcións e tarefas que vai realizar o profesorado implicado.

Detallaranse as funcións e as tarefas de cada un deles:

1º de ESO:

- Almudena Lacomba Maruri (Departamento de Plástica): traballar a parte plástica do proxecto e difundir o proxecto a través das redes sociais.
- Irene Álvarez López (Departamento de Lingua galega): traballar a parte oral e texto escrito.
- Beatriz Martínez Cordeiro (Departamento de Lingua galega): traballar a parte oral e texto escrita.

2º de ESO:

- Almudena Lacomba Maruri (Departamento de Plástica):traballar co alumnado a parte plástica, difundir o proxecto nas redes sociais e axudar ao alumnado utilizando as novas tecnoloxías.
- Irene Álvarez López (Departamento de Lingua galega): traballar a parte oral e texto escrito.
- Almudena Rouco Vilar (Departamento de Tecnoloxía): elaborar as enquisas on line, difundir o proxecto a través das TIC e axudar aos alumnos a manexar as novas tecnoloxías.
- Pilar Carro Mariño (Departamento de Tecnoloxía): colaborar utilizando as novas tecnoloxías

3º de ESO:

- Almudena Lacomba Maruri (Departamento de Plástica): traballar a parte plástica, difundir o proxecto nas redes sociais e traballo utilizando as novas tecnoloxías.
- Damián Suárez Vázquez (Departamento de Lingua galega): traballar a parte textual, oral e escrita.
- Xosé Pérez González (Departamento de Ciencias naturais): axudar ao alumnado a realizar as gravacións orais.

4º de ESO:

- Esther Peiteado Peiteado (Departamento de Lingua galega): axudar ao alumnado coa parte textual, oral e escrita.
- Silvia Vilar Rodríguez (Departamento de Lingua castelá): axudar ao alumnado coa parte textual, oral e escrita en lingua castelá e lingua galega.
- Mercedes Quiroga Barro (Departamento de Francés): axudar ao alumnado coa parte textual, oral e

escrita en francés-galego.

- Ana Argiz Pérez (Departamento de Francés): axudar ao alumnado coa parte textual, oral e escrita en francés-galego.

- Ana Fontenla Blanco (Departamento de Inglés): axudar ao alumnado coa parte textual, oral e escrita en inglés-galego.

- Almudena Rouco Vilar (Departamento de Tecnoloxía): difundir o proxecto a través das TIC e axudar aos alumnos a manexar as novas tecnoloxías.

1º de Bacharelato:

- Almudena Lacomba Maruri (Departamento de Plástica): traballar co alumnado a parte plástica, difundir os proxecto nas redes sociais e traballar co alumnado utilizando as novas tecnoloxías.

- Beatriz Martínez Cordeiro (Departamento de Lingua galega): traballar co alumnado a parte oral e escrita do proxecto.

- Esther Peiteado Peiteado (Departamento de Lingua galega): traballar co alumnado a parte oral e escrita do proxecto.

- Xosé Pérez González (Departamento de Ciencias naturais): analizar e contrastar das enquisas para valorar o uso do galego entre o alumnado.

- Almudena Rouco Vilar (Departamento de Tecnoloxía): difundir o proxecto a través das TIC e axudar aos alumnos a manexar as novas tecnoloxías.

2º de Bacharelato:

- Almudena Lacomba Maruri (Departamento de Plástica): traballar co alumnado a parte plástica e difundir o proxecto a través das redes sociais.

- Fernando Fuentes Blanco (Departamento de Tecnoloxía): introducir o alumnado no manexo das TIC

- Mª Carmen Feáns Bautís (Departamento de Lingua galega): traballar co alumnado a parte oral e escrita do proxecto.

Bibliocasares:

- O equipo da Biblioteca axuda e apoia tanto ao alumnado coma ao profesorado nas tarefas de apoio documental: bibliográfico, audiovisual, etc. Colabora na organización das distintas actividades que se organizan para dar visibilidade ao proxecto: cedendo espazos para as gravacións, organizando exposicións e adquirindo material bibliográfico e audiovisual.